



**INFORME ANUAL DE SEGUIMENTO
CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO
EVIDENCIAS E3, E10, E13 E E19 (ANÁLISE)**

Graduado ou Graduada en Enxeñaría Informática

Curso Académico: 2014/2015


E3. Análise do perfil real de ingreso/egreso (criterio 1)

En canto ao **perfil de ingreso**, no curso 2014/15 mantense a tendencia dos cursos anteriores, nos que a mocidade galega copou practicamente as prazas de novo ingreso no GrEI da USC, cunha presenza maioritaria de estudantes procedentes do chamado Eixo Atlántico. Así, o 95% dos novos alumnos son galegos e máis do 80% son orixinarios das provincias de A Coruña e Pontevedra. Estes datos son totalmente coherentes coas porcentaxes globais do título, lixeiramente moduladas polo número de estudantes de mobilidade entrante (14 alumnos) e saínte (só 2 persoas) no curso 2014/15. Cabe destacar que o 90% dos novos estudantes accedeu dende bacharelato e que só un 12% deles foron mulleres (por debaixo incluso do 13,6% global da titulación para ese curso); considérase que o Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas, que comezará a impartirse no curso 2015/16, debería supoñer un pulo que equilibre razoablemente esta situación. De non ser así, haberá de afrontarse en próximos informes de seguimento.


Polo demais, a enquisa que o centro realiza na xornada de benvinda recolle que o 79% dos novos alumnos cursou a modalidade de bacharelato recomendada (Científico-Técnica), por un 7% que optou pola de Ciencias da Saúde. Estes valores son acordes aos de cursos anteriores e confirman en boa medida que os alumnos de novo ingreso chegan ao centro cun bo nivel de matemáticas. Este argumento ven reforzado pola alta nota de corte que o título ven acadando dende a súa implantación, así como por unha porcentaxe de estudantes que acceden cunha puntuación igual ou superior a seis que todos os anos é moi próxima ao 100%.

A enquisa tamén amosa que case o 98% dos novos alumnos solicitou o ingreso por decisión propia, o que permite deducir un bo grao de elección vocacional, e que un 61% tivo en conta as expectativas laborais. Preto do 93% escolleu o GrEI da USC como primeira opción e máis do 80% valora o seu nivel de competencia en lingua inglesa como medio ou alto, o que en certa medida contrasta co interese manifestado en recibir docencia nesa lingua (menos do 53%, lixeiramente inferior ao do curso anterior). Bastante máis favorable resulta o interese expresado na programación de actividades de formación complementaria (cerca do 83%) e, sobre todo, na realización de prácticas en empresa (95%). A intención de participar en programas de mobilidade queda nun 55%, sensiblemente inferior ao 70% do curso anterior, e non fai pensar en que a curto prazo se poidan reverter os actuais índices de mobilidade saínte.

No seguinte gráfico pódese apreciar a evolución na nota de corte do título, para a cal se agarda un incremento no curso 2015/16 co arranque do Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas:



Na anterior figura débese aclarar que a nota de corte por debaixo do 6 do primeiro ano debeuse a implantación íntegra dos catro anos do título no curso 2009/10. Resulta tamén significativo comparar a moi alta demanda de ingreso no título co número de prazas ofertadas, o que no curso 2014/15 provocou que todos os novos alumnos tiveran sinalado o GrEI da USC como primeira opción:



No que respecta ao **perfil de egreso** dispónse ata o momento de información moito máis limitada. Non obstante, lémbrese que no plan de melloras incluído no auto-informe de seguimento do curso 2013/14 incorporouse unha acción orientada á determinación real da competencia profesional dos egresados do GrEI da USC; aínda que será definitivamente implementada no curso 2015/16, foi executada como proba piloto no curso 2014/15. Tanto do estado desta acción como doutras dúas estreitamente relacionadas con ela que figuraban no plan de melloras derivado do proceso de renovación da acreditación do título, darase conta no presente auto-informe.

Neste punto só queda engadir que a preocupación dos nosos alumnos por prepararse axeitadamente para a súa integración no mercado laboral medra ano tras ano. Proba disto é a evolución na porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións:



E10. Análise das enquisas de satisfacción (criterios 3 e 7)


Como xa se ten sinalado na análise presentada como evidencia E3, o interese dos alumnos do GrEI pola realización de **prácticas en empresas e institucións** é crecente. A satisfacción manifestada polo 28,3% de estudantes que se acolleron a esta posibilidade no curso 2014/15 situouse nun 4,1 sobre 5, o cal supón a recuperación do nivel acadado no curso 2012/13 logo da caída do curso 2013/14 (3,14 sobre 5). Máis polo miúdo (ver **INF.06 Informe da enquisa de satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas**), a satisfacción dos nosos alumnos no referente a cinco das sete cuestións consultadas (sobre utilidade, cumprimento de expectativas, duración, medios materiais e valoración global) atópase significativamente por encima do global da USC, mais sucede o contrario nas dúas preguntas relativas a atención prestada polos titores académico e profesional.

Por outra banda, a satisfacción manifestada polo 27,6% de titores externos que responderon á enquisa é de un 3,96 sobre 5 que mellora lixeiramente o 3,8 do curso anterior. En comparación cos datos globais da USC, estes profesionais valoran positivamente a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado pero son máis críticos co seu grao de desenvolvemento de competencias profesionais. Así e todo, valoran nun 4,25 sobre 5 a súa satisfacción xeral coa práctica realizada. Pódense atopar os detalles no documento **INF.07 Informe da enquisa de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas**.


Para concluír esta análise, cabe sinalar que o grao de **satisfacción xeral dos egresados** coa titulación recuperouse no curso 2014/15 ata un 3,55 sobre 4, logo da baixada do curso 2013/14 (3,43 sobre 5) con respecto ao curso 2012/13 (4,32 sobre 5). Estes datos deben manexarse con cautela, pois na enquisa do curso 2014/15 só participou un 22,9% dos egresados (en total dispónse de 11 cuestionarios). O documento **INF.09 Informe da enquisa de satisfacción dos egresados** pon de manifesto que, en comparación co global da USC, os egresados do GrEI outorgan ao seu título moi boas valoracións no referente á formación práctica e, en xeral, en canto ao desenvolvemento de capacidades de gran relevancia no desempeño profesional dun enxeñeiro: aprendizaxe autónoma, traballo en equipo, capacidade analítica, resolución creativa de problemas e transmisión de solucións, etc. Por contra, revela críticas con respecto ao desenvolvemento da competencia comunicación oral/escrita e, sobre todo, incide na baixa adecuación dos horarios, o calendario académico e de exames e a organización académica en xeral. Con todo, tanto o grao en que a formación recibida na titulación cumpriu as expectativas creadas antes de comezala, como o índice de satisfacción global co profesorado alcanza o 3,55 sobre 5, máis de medio punto por riba dos globais da USC.

E13. Análise das enquisas de avaliación da docencia (criterio 4)

No seguinte gráfico amósase a evolución da **satisfacción do alumnado coa docencia recibida** dende o curso 2011/12:






O dato do último curso (3,89 sobre 5), lixeiramente superior ao 3,81 global dos estudos de grao da USC, confirma a tendencia de mellora continua dos anos anteriores. Débese ter en conta o repunte do índice de participación na enquisa, que non chega aos niveis do curso 2012/13 (último ano en que a enquisa se fixo en papel) pero reflicte unha clara recuperación:



No documento **INF.13 Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida** pódese apreciar que a valoración dos alumnos do GrEI en todos os ítems está próxima ao 4 sobre 5, non habendo ningún dato que se desvíe apreciablemente deste nivel.


En canto á **satisfacción do profesorado coa docencia impartida**, o 3,97 sobre 5 do curso 2014/15 (cunha participación de case a metade do profesorado) mellora o 3,74 do curso anterior. No documento **INF.14 Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida** recóllese unha clara maioría de valoracións en torno ao 4 sobre 5. Só se observa unha leve crítica en canto ao nivel co que os estudantes chegan ás materias e con respecto ao seu interese e participación nas clases.

Para rematar, representáanse graficamente tres índices relacionados coa calidade da docencia que amosan, por unha banda, un indicio de estabilización con respecto a certas condicións de aprendizaxe que tiñan empeorado no contexto actual de crise e; pola outra, permiten deducir que, a pesar destes atrancos, o centro foi quen de manter a calidade docente do título (ver o gráfico ao principio desta análise):




E19. Análise dos resultados do título (criterio 7)


Como se pode apreciar na seguinte figura, a **taxa de rendemento** do título mantense dende o curso 2011/12 por encima do obxectivo do 70% marcado na Memoria do Título. O dato correspondente ao curso 2014/15 é só lixeiramente inferior ao 76,57% medio da USC.



Aínda que non existe un obxectivo sinalado na Memoria do Título neste sentido, a **taxa de éxito** supera o 80% dende a implantación da titulación no curso 2009/10 e o valor do curso pasado non é discordante co 85,7% global da USC:




No seguinte gráfico preséntase a evolución da **taxa de avaliación**, establecida en niveis próximos ao 85% dende o curso 2011/12. Novamente, o valor deste índice para o GrEI no curso 2014/15 non se desvía considerablemente do 89,35 global da USC.



Pola súa parte, o cálculo da **taxa de graduación** só é posible para os dous últimos cursos. Despois de ter obtido no curso 2013/14 un valor lixeiramente preocupante do 27,69%, no curso 2014/15 superouse con creces o obxectivo do 40% establecido na Memoria do Título ao chegar a un 49,06% que mellora o 46,28% global da USC. A **duración media dos estudos** medrou dende os 4 anos do curso 2012/13 ata os 4,72 anos do curso 2014/15 (4,46 anos no global da USC), pasando polos 4,54 anos do curso 2013/14; nos próximos cursos haberá de someterse este índice a vixilancia por se fora oportuno argallar algunha acción de mellora. A

eficiencia no curso 2014/15 foi do 89,72%, moi próxima ao 90% marcado como obxectivo na Memoria do Título e ao 92,32% global da USC, se ben inferior ao 92,5% do curso 2013/14 e ao 99,5% do curso 2012/13.


De especial preocupación no título, tal e como poñen de manifesto as correspondentes accións recollidas nos plans de melloras previos dos que se da conta neste auto-informe, amósase agora a evolución da **taxa de abandono durante o primeiro curso**:



O obxectivo do 10% estipulado na Memoria do Título para esta taxa alcánzase sobradamente no curso 2014/15 e supera notablemente o 15,08% global da USC, mais os vaivéns observados nos dous cursos precedentes recomentan cautela e maior análise nos vindeiros cursos.

Para rematar con estes índices, a **taxa de abandono RD 1393/2007** pasou dun preocupante 35,38% no curso 2013/14 a un 20,75% moito máis moderado no curso 2014/15 que é sensiblemente mellor que o 26,15% global da USC. Xa que logo, haberá de afondarse na súa análise en informes sucesivos.

Pasando xa aos **resultados de inserción laboral**, no momento de redactar este documento só se dispón do informe da ACSUG correspondente ao curso 2009/10. Segundo esta fonte, o tempo medio en atopar o primeiro emprego desde a obtención da titulación é de 0,96 meses, dato que contrasta fortemente cos 5,63 meses das titulacións da rama de Enxeñaría e Arquitectura e os 8,06 meses dos títulos do Sistema Universitario Galego (SUG). O seguinte gráfico pon de relevo este feito.



En cursos sucesivos esta análise haberá de ser completada cos datos do informe de inserción laboral dos egresados que elabora o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. No intre de escribir este auto-informe só está dispoñible a primeira versión na que unicamente constan datos dos estudos non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior.